

BLADE RUNNER 2049

[Denis Villeneuve, 2017]

295

ESTREA EN NUMAX: 12.10.2017 | V.O.S.E. | +16

Blade Runner 2049 (2017, 161')

Dirección: Denis Villeneuve

Guión: Hampton Fancher, Michael Green

Elenco: Ryan Gosling, Harrison Ford, Ana de Armas, Jared Leto, Sylvia Hoeks, Robin Wright, Mackenzie Davis

Son: Theo Green

Montaxe: Joe Walker

Fotografía: Roger Deakins

Dirección de arte: David Doran, Bence Erdelyi, Lydia Fry, Paul Inglis, Tibor Lázár, Gergely Rieger, Stefan Speth

Vestuario: Renée April

Produtoras: Warner Bros. Pictures, Scott Free Productions, Thunderbird Films, Alcon Entertainment (Estados Unidos)

Distribuidora: Sony Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

La llegada, 2016

Sicario, 2015

Prisioneros, 2013

Enemy, 2013

Incendies, 2010

Polytechnique, 2009

Maelström, 2000

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial),

Munich 2017 (Sección Oficial)

SINOPSE

A trama desenvólvese trinta anos despois do icónico primeiro filme, cando un novo cazareplicantes, K (Ryan Gosling), saca á luz un segredo soterrado durante moito tempo, capaz de arrastrar o que queda da sociedade ao caos máis absoluto. O descubrimento de K lévao en busca de Rick Deckard (Harrison Ford), un antigo blade runner da Policía de Los Ángeles desaparecido desde hai décadas.

«Unha fita que é pura fuga, puro deleite, un paseo de cinema notámbulo pola memoria, a cinéfila e a outra»

Luis Martínez, EL MUNDO



«Se como humanos non estamos en contacto coa nosa memoria, que queda de nós?»

Entrevista con Denis Villeneuve
Jack Giroux

Coido que este filme supera todas as expectativas dunha secuela de *Blade Runner* (Ridley Scott, 1982). Moitas grazas. Tiven ese palpito ao ler o guiión porque eu mesmo non estaba nada convencido. Cando me dixeron que pensaban en min para unha secuela do *Blade Runner* orixinal quedeime en plan, «en serio?». Tiña moitos medos até que lin o guiión. Alí había ideas fortes, con potencial para facer un bo filme. Pagaba a pena o risco.

Pódesnos falar desas ideas fortes? A cuestión é que non quero desvelar nada importante. Había algunhas cousas importantes como o poder dos recordos. Se como humanos non estamos en contacto coa nosa memoria que é o que queda de nós? O poder do pasado. No meu filme anterior, *La llegada* (2016), xa se trataba o poder do pasado no que

somos hoxe, en como loitamos con esa impronta. Tamén estaba presenta a posta en cuestión da nosa propia identidade e unha reflexión sobre o pasado como soño ou realidade. Todas eses elementos coido que son fermosos para un filme de ciencia ficción.

É unha historia marabillosa. O orixinal é moi desolador e aínda que este tamén o é, ábrese camiños para a esperanza. Coido que é un sinal dos tempos, como cineasta coido que ao remate do día fas os filmes para ti mesmo, tamén para os espectadores, mais ti es o teu primeiro espectador. Como cineasta nestes intres preciso esperanza. Teño que evitar ser cínico. Preciso crer, coido que é especialmente necesaria a esperanza nestes tempos.

Realmente non te desviaches moito do ritmo do filme orixinal. Con todas as modificacións que engadiches, como foi a experiencia para tentar atinar coa cadencia axeitada? Levou tempo. Ese era un dos retos. É unha historia máis complexa cá orixinal, hai máis xiros e reviravoltas e máis capas, non tematicamente senón no tocante aos personaxes e as súas historias. Pensei que requiría unha metraje máis longa para contar a historia completa. En canto ao ritmo, tentei loitar por protexer o sentido da inmersión que procuraba. O montador Joe Walker e máis eu traballamos arreo nisto, o primeiro corte era máis longo pero gustounos moito a edición final. Dixemos, «Ok, aí o temos». E a Ridley gustoulle tamén. Díxome: «emocíname o ritmo do filme, é moi respectuoso».

O son do filme tamén xera unha sensación de inmersión. Que caste de paisaxe sonora querías crear?

Todo comeza na sala de montaxe. Joe, que antes de montador era compositor, converteuse no editor de son.

Traballamos co son ao mesmo tempo que coa imaxe, durante a montaxe do filme. Iso é algo co que sempre soñei, desde o meu período como realizador independente. Poder atenderlle ao son e a imaxe ao mesmo tempo, e con Joe iso foi posíbel. O son é esencial para min. Cando fago o corte final, a filosofía do son ten que estar tamén aí.

Durante as túas conversas con Ridley Scott, díxoches algo sobre o filme orixinal que supuxera un obstáculo na realización de *Blade Runner 2049*?

Si, hai unha cousa que me dixó coa que tiven que loitar arreo, non sobre o que quería que aparecese no filme senón sobre o que non quería que se mostrase. O filme orixinal ten un gran poder de evocación e suxestión. Nunca vemos os outros planetas, nunca vemos como se crean os replicantes, hai unha chea de ideas que son suxeridas. Ridley deume total liberdade mais eu sentín que el desexaba que eu respectase ese territorio sagrado e eu tentei actuar en consecuencia. Hai cousas no guiión que non fixen por esa razón, como por exemplo amosar unha fábrica de replicantes e eu finalmente estou contento con esa decisión.

Publicado en www.slashfilm.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?, Philip K. Dick. Minotauro, 2017

Blade Runner. Montaje final, Ridley Scott. Warner [BluRay]

Blade Runner, VV.AA. Tusquets, 1996

Blade Runner, Juan José Muñoz García. Rialp, 2008

Blade Runner, lo que Deckard no sabía, Jesús Alonso Burgos. Akal, 2011

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX